

CIRCULAR 101-2026.

XVII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 10

XXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 12

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 30 de maio nas Pistas de Atletismo de Elviña (A Coruña), os Campionatos Xunta de Galicia Sub 10 e Sub 12.

Art.2).- Poderán participar atletas das categorías Sub 10 e Sub 12 con licenza na presente tempada pola FGA.

- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas (a remuda non computa).
 - o No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 230 metros.
- Número máximo de atletas por proba e sexo:

Proba	Sub 10	Sub 12
50/60	64	56
500	36	36
1000	32	32
2000	-	16
Altura	16	16
Concursos restantes	24	24
1000/2000 marcha	16	16

- *En caso de empate nas últimas prazas, a preferencia seguirá o descrito nas [Normas Técnicas FGA 2026](#).*

Nas remudas poderán participar os 16 mellores clubs, a un equipo por entidade, permitíndose unha participación de clubs asociados sempre que principal e asociado non participen na mesma proba.

- A súa composición e orde deberán confirmarse en secretaría de competición ata 45' antes da súa celebración.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 18 de maio.

- Limitarase a inscrición a un máximo de 3 probas (a remuda non computa).
 - o A FGA eliminará, aleatoriamente, tantas inscricións como sexa preciso daqueles que se inscriban en máis probas das regulamentadas.
- Nas probas de remudas presentarase estadillo coas mellores marcas, sendo admitidos aqueles clubs que presenten un mellor sumatorio de tempos. Terán prioridade os clubs que presenten maior número de marcas (máximo 4).
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.
 - o Para a proba de 500 teranse en conta, tamén, as marcas de 400.
$$\text{Marca500}=(\text{Marca400}/3,9)*5$$
 - o Para a proba de 2000 marcha teranse en conta, tamén, as marcas de 1000 marcha, así como das respectivas distancias en ruta.
$$\text{Marca2000marcha}=(\text{Marca1000marcha}*2,1)$$
- Pasado o prazo de inscrición, calquera modificación sobre a marca de inscrición será considerada como inscrición fóra de prazo.



Art.4).- Prazo ordinario de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do venres 22 de maio e serán remitidas a competicion@atletismo.gal
- Unha vez finalizado este prazo, a Dirección Técnica realizará os axustes necesarios para garantir o cumprimento dos límites de participación establecidos no Art. 2.

Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá 4 intentos

Art.6).- Distancia da liña de batida na proba de lonxitude.

- Sub 10 → 1 m.
- Sub 12 → 2 m.

Art.7).- Cadencias no salto de altura.

Sub 10	Homes	0,82 – 0,90 – 0,96 – 1,01 – 1,05 e de 3 en 3 cm.
	Mulleres	0,82 – 0,90 – 0,96 – 1,01 – 1,05 e de 3 en 3 cm.
Sub 12	Homes	1,06 – 1,14 – 1,20 – 1,25 – 1,29 e de 3 en 3 cm.
	Mulleres	1,01 – 1,09 – 1,15 – 1,20 – 1,24 e de 3 en 3 cm.

- ❖ Poderanse admitir atletas con marcas de inscrición inferiores á altura inicial establecida. Esta admisión non implicará en ningún caso a modificación da cadencia nin da altura de inicio, sendo responsabilidade do club valorar a conveniencia da súa participación nestas condicións.

Art.8).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.9).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.10).- Cámara de chamadas.

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras e marcha	4'
Remudas	8'
Lonxitude e Peso	15'
Altura	20'

Art.11).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos recollidos no Art.14, non tome parte da mesma.



Art.12).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

CTO. XUNTA DE GALICIA SUB 12						
HORA	CARREIRAS		S. VERTICAIS	S. HORIZONTAIS	PESO	PELOTA
10:00	2000 marcha H	Final	Altura Mulleres	Lonxitude B Homes		
10:20	2000 marcha M	Final				
10:35					Peso B Mulleres	Pelota B Homes
10:40	2000 Homes	Final				
10:52	2000 Mulleres	Final				
10:55				Lonxitude A Homes		
11:04	1000 Homes	Final B				
11:12	1000 Homes	Final A				
11:20	1000 Mulleres	Final B				
11:28	1000 Mulleres	Final A				
11:30					Peso A Mulleres	Pelota A Homes
11:36	60 Homes	Final G				
11:41	60 Homes	Final F				
11:45				Lonxitude B Mulleres		
11:46	60 Homes	Final E				
11:50			Altura Homes			
11:51	60 Homes	Final D				
11:56	60 Homes	Final C				
12:01	60 Homes	Final B				
12:06	60 Homes	Final A				
12:11	60 Mulleres	Final G				
12:16	60 Mulleres	Final F				
12:20					Peso B Homes	Pelota B Mulleres
12:21	60 Mulleres	Final E				
12:26	60 Mulleres	Final D				
12:31	60 Mulleres	Final C				
12:36	60 Mulleres	Final B				
12:40				Lonxitude A Mulleres		
12:41	60 Mulleres	Final A				
12:46	500 Homes	Final C				
12:52	500 Homes	Final B				
12:58	500 Homes	Final A				
13:04	500 Mulleres	Final C				
13:10	500 Mulleres	Final B				
13:15					Peso A Homes	Pelota A Mulleres
13:16	500 Mulleres	Final A				
13:25	4x60 Homes	Final B				
13:35	4x60 Homes	Final A				
13:45	4x60 Mulleres	Final B				
13:55	4x60 Mulleres	Final A				



CTO. XUNTA DE GALICIA SUB 10						
HORA	CARREIRAS	S. VERTICAIS	S. HORIZONTAIS	PESO	PELOTA	
16:30	1000 marcha H	Final	Altura Mulleres	Lonxitude B Homes		
16:40	1000 marcha M	Final				
16:55	50 Homes	Final H				
17:00	50 Homes	Final G				
17:05	50 Homes	Final F			Peso B Mulleres	Pelota B Homes
17:10	50 Homes	Final E				
17:15	50 Homes	Final D				
17:20	50 Homes	Final C				
17:25	50 Homes	Final B		Lonxitude A Homes		
17:30	50 Homes	Final A				
17:40	50 Mulleres	Final H				
17:45	50 Mulleres	Final G				
17:50	50 Mulleres	Final F				
17:55	50 Mulleres	Final E				
18:00	50 Mulleres	Final D			Peso A Mulleres	Pelota A Homes
18:05	50 Mulleres	Final C	Altura Homes			
18:10	50 Mulleres	Final B				
18:15	50 Mulleres	Final A		Lonxitude B Mulleres		
18:25	500 Homes	Final C				
18:35	500 Homes	Final B				
18:42	500 Homes	Final A				
18:49	500 Mulleres	Final C				
18:50					Peso B Homes	Pelota B Mulleres
18:56	500 Mulleres	Final B				
19:03	500 Mulleres	Final A				
19:10				Lonxitude A Mulleres		
19:13	1000 Homes	Final B				
19:22	1000 Homes	Final A				
19:31	1000 Mulleres	Final B				
19:40	1000 Mulleres	Final A				
19:45					Peso A Homes	Pelota A Mulleres
19:55	4x50 Homes	Final B				
20:05	4x50 Homes	Final A				
20:15	4x50 Mulleres	Final B				
20:25	4x50 Mulleres	Final A				



Art.13).- Entrega de premios.

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.
- Realizaranse as entregas na primeira das seguintes horas na que sexa posible, segundo teñan finalizado as probas:

12:00	13:10	14:10*
19:00	19:40	20:40

- * Se algunha proba da mañá non rematou ás 14:10, a entrega realizarase toda vez finalice a mesma.

Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fóra de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Nas competicións nas que se regule un número máximo de inscricións, establecerase unha penalización de 10 € por proba excedida.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.15).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo coas normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 23 de abril do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo